



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Lingua e Cultura Clásica | Código | 613G02006 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Gonzalez Muñoz, Luis Fernando | Correo electrónico | fernando.gonzalez.munoz@udc.es | |
| Profesorado | Gonzalez Muñoz, Luis Fernando | Correo electrónico | fernando.gonzalez.munoz@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A13 | Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A29 | Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|------------------------|----------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina | A1 A2 A29 | B7 | |
| Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos | A1 A2 | B5 B8 | C1 |
| Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental | A13 | B1 | |
| Sintetizar e valorar criticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos | A11 A13 | B7 | |
| Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información, adquirindo capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos | | B1 B2 B3 | |



| | | | |
|--|-----|----|----|
| Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia da literatura galega | A14 | B5 | |
| Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva | A14 | B6 | C6 |
| Apreciar a diversidade | | B8 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Estruturas do latín antigo I: o sistema fonético | 1.1 Descrición do sistema fonético do latín antigo 1.2 Tendencias da evolución fonética do latín ás linguas romances |
| 2. Estruturas do latín antigo II: o sistema verbal | 2.1 Descrición do sistema verbal do latín antigo 2.2 Continuidade e reorganización do sistema verbal latino nas linguas romances |
| 3. Estruturas do latín antigo III: o sistema nominal | 3.1 Funcións e usos dos casos 3.2 Paradigmas nominais (declinacións) 3.3 O sistema pronominal 3.4 A perda do sistema casual latino nas linguas romances |
| 4. Historia da lingua latina | 4.1 Variedades diacrónicas 4.2 Variedades diatópicas 4.3 Variedades diastráticas 4.4 A lingua latina no mundo contemporáneo |
| 5. O sistema literario da Antigüidade | 5.1 Funcións e usos da literatura 5.2 Os escritores 5.3 O público |
| 6. As etapas da literatura latina | 6.1 A etapa arcaica 6.2 A etapa clásica 6.3 A etapa posclásica 6.4 A etapa tardía |
| 7. Principais xéneros literarios | 7.1 A épica 7.2 A traxedia e a comedia 7.3 A elexía 7.4 A narrativa breve en prosa e en verso |
| 8. A transmisión dos textos e da cultura literaria | 8.1 Tipoloxía da transmisión: oral, manuscrita, impresa 8.2 Procesos de transferencia desde a literatura a outras linguaxes artísticas |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A13 A29 B5 | 22 | 22 | 44 |
| Lecturas | A11 B3 B6 B7 B8 | 0 | 20 | 20 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 A14 B1 B2 C1 | 22 | 44 | 66 |
| Proba obxectiva | A2 A13 C1 C6 | 2 | 16 | 18 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital. |



| | |
|-------------------------------|--|
| Lecturas | Lectura por conta do/a estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito. |
| Análise de fontes documentais | Exercicios de análise e de comentario lingüístico e literario a propósito dos diversos temas e subtemas do programa. Poderán ser de carácter oral, no curso das sesións de grupo intermedio e reducido, ou escrito, en forma de actividades avaliábeis de carácter individual. |
| Proba obxectiva | Exercicio final individual e escrito de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|--|
| Análise de fontes documentais | O/a estudante poderá asistir, por iniciativa propia, a titorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas. O profesor tamén poderá convocar ao estudantado a titorías individuais en caso de consideralo oportuno. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 A14 B1 B2 C1 | Un 35% da cualificación final resultará de tres actividades de análise e comentario de textos propostas aos estudantes, que serán presentadas por escrito conforme aos prazos e condicións acordados entre o profesor e os estudantes. Estas tres actividades serán as seguintes: - exercicio de comentario fonético: 10% - exercicio de comentario morfosintáctico: 15% - exercicio de comentario literario: 10% Outro 5% da cualificación final obterase pola asistencia e participación activa nas sesións de grupo intermedio e reducido, onde se leven a cabo de forma oral debates e comentarios de textos. | 40 |
| Lecturas | A11 B3 B6 B7 B8 | O/a estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor mediante controis de lectura ou, no seu caso, recensións | 10 |
| Proba obxectiva | A2 A13 C1 C6 | Efectuaranse dúas probas escritas individuais de carácter teórico-práctico, unha ao final do primeiro bimestre (sobre cuestións de lingua) e outra na data de maio estipulada no calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía (sobre cuestións de literatura). Cada unha suporá o 25% da cualificación global. Na oportunidade de xullo haberá unha única proba sobre cuestións de lingua e de literatura, que suporá o 50% da cualificación global. Porén, o estudantado que superase na oportunidade de maio algunha das probas terá que examinarse so daquela que teñan suspensa. | 50 |

Observacións avaliación

As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.

A cualificación mínima para aprobar a materia, resultado da suma das puntuacións acadadas polas distintas actividades de avaliación programadas, será de 5.

Os/as estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes/suspensas, coas mesmas condicións e porcentaxes.

De non realizar as probas obxectivas previstas o/a estudante será cualificado como Non Presentado.

Os/as estudantes que disfruten da dispensa académica recibirán, no apartado de Análise de fontes documentais, un máximo do 40% da cualificación final en función das actividades que teñan presentado por escrito ao longo do curso.

A avaliación da convocatoria extraordinaria de decembro consistirá nunha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre contidos de lingua e de literatura.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Codoñer, Carmen (ed.) (1997). Historia de la literatura latina. Madrid. Cátedra
 - Hacquard, George (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid. Palas Atenea
 - González Rolán, Tomás & Rubio, Lisardo (1985). Nueva gramática latina. Madrid. Coloquio
 - Molina Yévenes, José (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona. Univ. de Barcelona
 - LLoyd, Paul M. (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid. Gredos
 - Reynolds, Leighton D. & Wilson, Nigel G. (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid. Gredos
 - Rubio, Lisardo (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones Clásicas
 - Stroh, Wilfried (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona
- The Classics Page <http://www.thelatinlibrary.com/classics.html> Bibliotheca Augustana <https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html> Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/porta_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) <http://interclassica.um.es/> Analecta Malacitana (Univ. Málaga) <http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm> Ludus litterarius <http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina> <http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm> Ejercicios de gramática latina <http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm>

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías